



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 29 DE**

### **XULLO DE 2013**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e nove de xullo de dous mil trece, baixo a presidencia da señora alcaldesa en funcións dona Maria Jesús González Roel, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011 don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 22 de xullo de 2013**

A señora presidenta pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 22 de xullo de 2013 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

#### **2º.- Correspondencia**

- Escrito da Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, rexistrado de entrada con data do día 26 de xullo de 2013 co número 10.223, no que comunica o nomeamento provisional para o posto de intervención á funcionaria dona Eva María Casal Sanjurjo ata que se produza a reincorporación da titular dona Maria Irache Enríquez Albaina.

- Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego. (Boletín Oficial do Estado número 179, de data do día 27 de xullo de 2013).

#### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que a feira do Temple remata o día de hoxe. Continúa a dicir que a visitou o mércores e había moito público, o sábado foi regular, debido á chuvia e o día de onte resultou moi ben. O xoves día 25 se pecharon todos os postos e se suspenderon os xogos infantís como sinal de dó. O venres suprimíuse a música nos xogos infantís. Engade que a feira remata hoxe á unha da madrugada.

A continuación, tamén informa respecto da aprobación, mediante Resolución da Alcaldía de data 23 do mes que andamos, do expediente de xeración de crédito número 2/2013, por un importe de 304.781,38 euros, para o desenvolvemento de catro cursos de formación ocupacional das especialidades formativas: “Soldaduras oxigás e soldadura MIG/MAG” nº 2272, “atención sociosanitaria a persoas no domicilio” nº 2274, “Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas” nº 2275, e “Dinamización comunitaria” nº 22781, enmarcados no Plan AFD da Xunta de Galicia con base no establecido na convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2013.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa sobre os dous expedientes que están pendentes dos informes dos técnicos: o POS do 2013 e o expediente de sancións ás empresas redactoras do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cambre. Dona Rocio Vila Díaz informa respecto deste último expediente e di que quedará listo esta semana.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz manifesta que se informou dun expediente de derribamento de parte dunha vivenda na parroquia de Cecebre. Continúa a dicir que entre ambas partes, denunciante e denunciado, chegaron a un acordo e, ao final, non se vai a ter que levar a cabo o derribamento. Engade que se entende que con ese acordo das partes, cre que con iso, se pode legalizar todo o resto, pero en principio, paralizarán o derribamento.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Don Manuel Marante Gómez informa que no día de hoxe comunicarán ao departamento de Intervención o importe que cobra Fenosa polo dereito de enganche para a Casa da Cultura, e cando se pague realizarán o citado enganche.

Tamén informa que é necesario cubrir a praza que deixou vacante, por xubilación, o operario da brigada de obras.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro sábado, 3 de agosto, terá lugar o "XXII Rock in Cambre". Engade que será a partir das 19.00 horas, de maneira gratuíta actuarán primeiro os grupos locais Embora e The Zipper. Continúa a dicir que a partir das 21.00 horas actuarán Barón Rojo, Los Suaves, Tregua e Barricada.

A seguir, informa que o pasado luns se decidiu o premio do cartel das festas de Cambre. Gañou dona Nuria Mosqueira, de Culleredo, quen foi seleccionada entre vinte obras e por unanimidade do xurado, composto por dona Carmen Senande Pazos, Gosia Trebacz e Oscar Cabana Picado, todos eles artistas plásticos.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que a semana pasada se asinaron os convenios de colaboración co Club Ciclista Cambre e coa Asociación de Clubs de Fútbol. Engade que hoxe se tratará de realizar a transferencia pola tesourería. Informa que se están a avaliar as bolsas a deportistas e as de asociacións veciñais.

A continuación, tamén informa que o sábado a última hora da mañá tivo lugar unha actividade de zumba no polideportivo descuberto do Temple. Engade que acudiron unhas sesenta persoas como participantes e moitos espectadores.

Igualmente, informa que o sábado pola tarde tivo lugar a carreira ciclista de escolas e cadetes no polígono industrial do Espírito Santo. Engade que houbo moito público e se desenvolveu sen problemas.

Don Fernando Caride Suárez informa que se están rematando de xestionar o torneo de xadrez, o de chave, a carreira popular, que este ano non sairá do pavillón de Sigrás, senón que se trasladará toda a carreira ao polideportivo Sofía Toro Prieto-Puga e a carreira dos nenos será polo centro de Cambre.

Tamén informa que a obra dos vestiarios de Lendoiro-A Barcala está pendente de xustificación. Entre o día 1 e o día 5, dependendo das condicións climatolóxicas, terán no campo de fútbol de Lendoiro Cecebre unha actuación para a mellora das instalacións.

Para rematar a súa intervención, don Fernando Caride Suárez informa que se rematou unha obra realizada no campo de fútbol de Cecebre-A Balastreira, que consistiu en separar cun valado metálico a zona de xogo do parque infantil coa zona de tiro de arco.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta



María Jesús González Roel

A secretaria



María Luisa de la Red Ampudia